

PRADA RODRÍGUEZ, Julio,***De la agitación republicana a la represión franquista.***

Ourense, 1934-1939, Barcelona, Ed. Ariel, 2006, 415 págs. más anexos en CD-ROM. ISBN: 978-84-344-5208-4

M^a Concepción Álvarez Gómez

Os estudos sobre a República e a Guerra Civil española de 1936 contan xa cunha destacada tradición académica no conxunto do Estado á que se sumaron tamén, aínda que con notable atraso, os historiadores galegos. Os anteriores traballos do autor da obra que comentamos son, sen ir máis lonxe, un bo exemplo da renovación e da vitalidade historiográfica que se vive en Galicia, aínda que sen dúbida é esta a máis destacada achega de ámbito provincial realizada ata a actualidade. O libro consta de tres partes ben diferenciadas, ademais do apartado consagrado a sintetizar brevemente as súas conclusións e do prólogo, escrito polo catedrático de Historia Contemporánea Jesús de Juana López. No capítulo introdutorio, o autor sintetiza brevemente a estrutura demográfica, económica e social do Ourense republicano, o que permite ao lector coñecer a grandes liñas as características particulares da provincia obxecto de estudo nos aspectos citados. A seguir, analiza o papel desempeñado pola violencia e o control da orde pública na crise dos anos trinta, tanto desde a perspectiva teórica, continuando a liña iniciada por especialistas da talla de Julio Aróstegui ou Eduardo González Calleja, como diseccionando o papel desempeñado polas diferentes «milicias», as formas externas da protesta e un breve estudo sobre as alteracións da orde pública asociadas ao que o autor denomina «violencia non política».

O apartado destinado á crise da República mergulla ao lector en aspectos tan interesantes como os acontecementos revolucionarios de outubro de 1934, os antagonismos sociopolíticos anteriores ás eleccións de febreiro de 1936 e a conflitividade política e social durante a coñecida como

«primavera trágica». É neste capítulo onde comeza a percibirse con claridade a inxente masa documental manexada polo autor: os procesos penais, expedientes e informacións incoados pola xurisdición de guerra na provincia; os expedientes policiais elaborados na antiga Comisaría de Investigación e Vixilancia de Ourense e os fondos procedentes da Comandancia da Garda Civil e do antigo Goberno Civil; os procesos penais, civís e administrativos conservados na Audiencia Provincial, esenciais para reconstruír aspectos tan interesantes como a violencia política, a protesta social e a orde pública ao longo de todo o período que cobre a obra; os testemuños orais, tanto os recompilados polo autor como os que se atopan dispersos en varios arquivos sonoros de Galicia; e un longo etcétera que sería longo enumerar.

Grazas a estas fontes, o autor reconstrúe e interpreta con gran precisión catro aspectos centrais que articulan e ó tempo proporcionan unidade a esta segunda parte: os acontecementos revolucionarios de outubro de 1934, a onda anticlerical que segue ao triunfo electoral das esquerdas en febreiro de 1936, o fenómeno da violencia política e a conflictividade social e a loita desatada polo control do mercado laboral entre as diferentes forzas políticas. Respecto dos primeiros, chama a atención o destacado papel xogado por afiliados e simpatizantes comunistas fronte ao máis discreto do PSOE ourensán, como demostran, entre outras cousas, o volume de represión padecido por uns e outros. O fracaso do movemento insurreccional na provincia respondería, a xuízo de Prada, a tres factores esenciais: a imposibilidade de contar co apoio da maioría das sociedades agrarias da provincia, as disensións internas e a falta de unidade entre as forzas obreiras implicadas e a contundencia da represión preventiva levada a cabo polas autoridades.

Especialmente interesantes parécennos os apartados dedicados ao estudo do anticlericalismo, a violencia política e o que o autor denomina a «loita polo traballo». As investigacións sobre o anticlericalismo e a violencia anticlerical contan cunha destacada tradición noutras zonas do Estado, tanto para etapas pretéritas como durante a Segunda República e a Guerra Civil. No entanto, entendemos que aínda existen algunhas vías por explorar, non só desde un punto de vista xeográfico (o absoluto baleiro nas restantes provincias Galegas é un bo exemplo) senón, sobre todo, desde a perspectiva interpretativa dun fenómeno da complexidade do que nos ocupa. Boa mostra diso son as pouco máis de trinta páxinas que Prada consagra no seu traballo a esta problemática, nas que o lector poderá atopar un enfoque certamente suxerente dun fenómeno de gran repercusión durante os meses que preceden á sublevación militar.

Non menos interesante resulta a análise da violencia política nesta provincia do fisterre galaico, a priori pouco propicia para que esta manifestación conflitual alcanzase os niveis descritos por J. Prada. A fortaleza do calvosotelismo local, lanzado en masa a financiar ao núcleo falanxista máis importante de Galicia e a súa estratexia do «canto peor mellor», a fortaleza relativa do Partido Comunista (que experimenta un crecemento nos seus niveis de afiliación impensable tendo en conta as características socioeconómicas daquela) e o abandono do accidentalismo por parte da CEDA son algunhas das claves que axudan a entender unha realidade tan poliédrica. A conflitividade sociolaboral pecha este segundo bloque, un apartado onde, ao meu xuízo, destaca sobre todo a constatación da coexistencia de vellos e novos repertorios de protesta (o que demostra que o tránsito entre uns e outros non foi, en absoluto, lineal) e a exitosa estratexia de captación societaria desenvolvida polos comunistas ourensáns.

A parte máis extensa desta monografía está dedicada ao estudo das diversas manifestacións da represión. Prada proponnos un enfoque multidireccional que parte da existencia de tres niveis interrelacionados: un nivel inferior, constituído polas diferentes manifestacións da represión física; un nivel intermedio, condicionado polos efectos do terror que provocan os asasinatos e fusilamentos, as malleiras e o medo ao cárcere característicos do anterior, do que formarían parte as diversas modalidades represivas sucintamente analizadas desde a perspectiva económica, administrativa, social e cultural; e un terceiro nivel ou estrato superior derivado dos dous anteriores, dominio da represión psicolóxica e as estruturas mentais autorreprimidas.

Cada un destes niveis é diseccionado polo autor cunha metodoloxía purista e ata innovadora nalgúns apartados, superando con iso o localismo que adoita acompañar á maioría dos traballos publicados noutras zonas do país. Así, con relación á represión física, Prada propón diferenciar conceptualmente entre represión paralegal e represión institucionalizada, destacando respecto da primeira a pluralidade de suxeitos activos que interveñen como executores materiais e a necesidade de separar analiticamente dous niveis diferentes para establecer a responsabilidade última da mesma: un de base ou inferior, non controlado directamente polas autoridades militares, e un primario ou director, conformado por unha pirámide que ten como principal elemento executor aos gobernadores civil e militar. A súa extensión espacial e os lugares de execución confirman, a xuízo do autor, que esta práctica buscaba estender o terror ata os máis afastados recunchos da xeografía provincial.

Con relación á segunda, o detallado estudo da totalidade das actuacións xudiciais incoadas na provincia, permite constatar a existencia dun único proceso represivo dividido en dúas grandes etapas nas que predomina unha ou outra modalidade, aínda que con presenza dunha e outra en ambas. Finalmente, a detallada análise e o estudo da represión articulada ao redor de todas as variables antes sinaladas para a etapa republicana, permite ao autor establecer unha serie de constantes que van estar presentes na posterior represión franquista, subliñando en tal sentido a identidade parcial de actores (tanto no que se refire aos suxeitos pasivos da mesma como en canto aos encargados da súa aplicación), estratexias e distribución espacial.

Respecto da represión económica, o autor analiza en primeiro lugar a incautación encuberta que representaban as Subscricións Patrióticas, a máis diso as numerosas exacións económicas practicadas por milicias e as multas impostas polos máis variados conceptos. A continuación, estúdanse as responsabilidades civís e políticas, distinguindo catro etapas ben diferenciadas. Unha primeira, ata a entrada en vigor do Decreto Lei de 10 de xaneiro de 1937, caracterizada pola apresurada incoación de numerosos expedientes e polo desexo de garantir o pago das eventuais sancións mediante a extensión das medidas precautorias sobre o patrimonio dos encartados por encima da súa conclusión. A segunda, entre xaneiro de 1937 e a publicación da Lei de Responsabilidades Políticas, durante a cal a vontade de expedientar ao maior número posible de individuos antes de concluír a incoación das pezas sumariais abertas convive co empeño recadatorio manifestado na preocupación polas medidas precautorias, a elevada contía das multas impostas e as baixas porcentaxes globais de sobresemento. A terceira, comprendida entre febreiro de 1939 e febreiro de 1942, na que diminúe o rigor represivo, incrementanse as posibilidades de defensa para os encartados e os informes procedentes das diferentes instancias previstas pola normativa cobran un papel esencial na determinación da contía da sanción. E unha última, a partir da reforma da LRP en febreiro de 1942, que supón a práctica liquidación das responsabilidades económicas como consecuencia dos supostos de sobresemento contemplados.

Represión administrativa, represión social e cultural e represión psicolóxica pechan este documentado e altamente recomendable traballo que foi cualificado, con xustiza, como «a máis destacable das monografías rexionais entre as aparecidas nos dous últimos anos»¹.

¹ RODRIGO, J., "Tirarse los muertos y los libros a la cabeza. Modos de ver la Guerra Civil española", *Alcores*, 2, 2006, p. 264.